

Columba organiza mañá unha ruta ornitolóxica

A Sociedade Cultural Columba e a Asociación Mesturas organizan mañá sábado a I Volta a pé á ruta ornitolóxica, unha caminata aberta a todos os interesados e que estará guiada polo biólogo da Sociedade Galega de Historia Natural Xan Silvar.

A ruta terá lugar polo zona das Cabazas e as praias. Partirá ás 10:30 horas do aparcadoiro do Campo das Cabazas, con chegada arredor das 14:30 horas. A continuación, e para todos aqueles que o desexen e se inscriban previamente, celebrarase unha churrascada no Restaurante Beceiro, que ademáis estará amenizada por Vicente. As reservas poden facerse no número de teléfono 616 393 125 ou no 653 526 167

MUGARDOS**Pistoletazo de saída as Olimpíadas de Peñas**

Co desfile inaugural dos grupos participantes, hoxe dará comezo, ás 20.00 horas, unha nova edición das Olimpíadas de Peñas Mugardesas, que retomou un grupo de mozos logo de varios anos sen celebrarse. O percorrido discurrirá desde o cabo Leiras ata o Trope, onde ao remate haberá queimada e campionato de dardos. No desfile, as agrupacións inscritas portarán unha antorcha que anunciará o inicio dunha intensa semana de actividades.

A MAGDALENA**Músicas do Brasil**

O Bar Sur e a Gastrotaverna O'Candil, situados na rúa Magdalena 50, en Ferrol, organizan esta noite, ás 22.00 horas, un concerto de Músicas do Brasil e outras terras a cargo dos músicos Eugenia e Sergio.

GALIANO**Araguas presenta o seu libro "Los pavos trufados"**

A librería Galiano de Ferrol acolle esta tarde, ás 20.00 horas, a presentación do libro "Los pavos trufados", do escritor nedés Vicente Araguas. O autor, que estará acompañado por José Torregrosa, falará do que é o seu segundo libro de relatos escritos en castelán e que representa "outra volta de tuerca á adolescencia, un período da vida tierno y feroz", en palabras do propio autor. Trátase dunha obra, segundo engade, chea de risas e bágoas, como a propia adolescencia. A entrada e participación é libre.

Propostas dirixidas a todos os públicos desde esta tarde no Mercado Medieval de Narón

O Parque do Río Freixeiro será escenario do evento, que se prolongará durante toda a fin de semana

REDACCIÓN FERROL

O Mercado Medieval de Narón abrirá esta tarde, ás 18.00 horas, as súas portas para propoñer durante toda a fin de semana unha gran variedade de propostas dirixidas a todos os públicos.

Un pasarrúas a cargo da formación de música folk Treefolk inaugurará, ás 18.30 horas, unha programación que neste primeira xornada incluírá tamén espectáculos con personaxes fantásticos -"Human no Limits"-, visitas de trasgos, unha roda humana e unha proposta aérea e de lume para despedir esta primeira noite de mercado.

Postos

A esta oferta súmanse, tal e como lembrou a concelleira de Festas de Narón, Mar Gómez, un centenar de postos que se instalarán na zona e nos que se ofrecerán produtos gastronómicos, artesanía con demostracións en



O Mercado Medieval abrirá as súas portas esta tarde a partir das 18.00 horas

vivo e artigos ornamentais, entre outros.

Mañá sábado, o Mercado Medieval poderá visitarse a partir das 11.00 horas. Espectáculos acrobáticos e piruetas, xogos para o público infantil e outras propostas encherán de contido a xornada matinal para continuar pola tarde, a partir das 18.00 horas, con moitas outras actividades e representacións propias da época do medieval.

A última xornada do Mercado Medieval, a do domingo, o horario dos postos será de novo desde as 11.00 pola mañá e a partir das 18.00 pola tarde.

Desde o Concello animouse á veciñanza de Narón a gozar da ampla programación, convidando tamén á xente doutras localidades a achegarse á zona para ver os espectáculos e tamén a ampla gama de produtos ofrecidos nos postos. ●

Columba organiza mañá unha ruta ornitolóxica

REDACCIÓN LUGAR

A Sociedade Cultural Columba e a Asociación Mesturas organizan mañá sábado a I Volta a pé á ruta ornitolóxica, unha caminata aberta a todos os interesados e

que estará guiada polo biólogo da Sociedade Galega de Historia Natural Xan Silvar.

A ruta terá lugar pola zona de As Cabazas e as praias. Partirá ás 10.30 horas do aparcadoiro do Campo das Cabazas, con chegada arredor das 14.30 horas. A conti-

nuación, e para todos aqueles que o desexen e se inscriban previamente, celebrarase unha churrascada no Restaurante Beceiro, que ademais estará amenizada por Vicente. As reservas poden facerse nos números de teléfono 616 393 125 ou no 653 526 167. ●

A declaración institucional e o concerto de Ses pecharán hoxe o ciclo "Día de Galicia" de Fené

REDACCIÓN FERROL

O ciclo "Día de Galicia" programado polo Concello de Fene concluirá hoxe logo dunha semana de intensa actividade. Faraño cunha dobre cita. A primeira, prevista para as 20.30 horas no monumento "Día da Pátria Galega", consistirá na lectura da declaración institucional, que correrá a cargo de María Rivera Rodríguez, autora do libro "Sillobre ven de antigo".

As 22.00 horas, na praza do Alcalde Ramón Souto González, será a quenda para o concerto da artista coruñesa Ses, que poñerá o broche de ouro ao programa cunha actuación na que interpretará os temas do seu novo disco, "Readmirando a condición".

Trátase do quinto traballo da



Ses ofrecerá un concerto ás dez

artista, no que volveu gravar, musicar e arranxar o seu primeiro disco, "Admirando a condición", que publicara en 2011. Este novo cedé inclúe ademais un tema inédito. O concerto é de balde. ●

O Festival de Buxainas abre en Cedeira o camiño á celebración gastronómica do percebe

REDACCIÓN FERROL

O programa "Música na Rúa" organizado polo Concello de Cedeira chega este ano á súa sexta edición cunha convocatoria que dará comezo esta fin de semana para se prolongar ata o domingo día 29.

Así, mañá sábado terá lugar, ás 19.00 horas na Praza Roxa, a celebración do Festival Folclórico organizado pola Asociación Buxainas.

Domingo

Ao día seguinte, o domingo, a actividade trasladarase ao paseo da Mariña, escenario no que a partir das 13.30 horas terá lugar a actuación da asociación de acordeonistas da localidade.

A programación retomará

O programa organizado polo Concello de Cedeira chega este ano á súa sexta edición

se o día 22 coa actuación de As Aturuxeirás na praza do Peixe. A cita está prevista para as 13.30 horas.

A proposta do goberno municipal cedeirés concluirá o domingo 29, coincidindo neste caso co desenvolvemento da Festa do Percebe. Así, ás 13.30 horas, terá lugar no porto pesqueiro a última das actuacións, a cargo da banda de música "Vila de Cedeira". ●